

Sartiau ha contado en alguna ocasión que su madre, Lillianne, le dijo clarísimo".

con Juan Carlos, así que queda todo con Sartiau también tuvo una relación madre que responde: "Su

ma madre y ni siquiera nos conocíamos?" El mismo se responde: "Su mismo ADN, no nos conocimos a mis- posible que me lo digas, pero el

guinta retórica. Como me lo digas, insiste Sola, quien plantea una pe- tengo clarísimo quién es mi padre,

no me importa, yo sigo solo, porque y se apartó del caso. "Fue duro, pero Sartiau se ha cansado de hablar

solo dos años. a que no se conocían hasta hace tan la que comparte el 91% del ADN pese

mana, Ingrid Sartiau, una belga con dice muy convencido. Cita a su her- pa si es necesario, no pienso parar",

hasta la última instancia, hasta Euro- nunciare a quien haga falta, lo llevaré yo pienso llegar hasta el final. De-

hermana, que decidió tirar la toalla, ceso, y ahí sigue. "A diferencia de mi enzarzó en un largo



parte el 91 ADN con Ingrid de otra madre la

Yo intento ser discreto -dice- por ahora mi vida no se ha vis-

tada por el caso. Espero que er do siga igual". No quiere pedi-

no, algo que ahora mismo se no, algo que ahora mismo se

Nº 22



SUMARIO

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é a Xentrificación?	Redacción.	4
Xentrificación	Guillermo Gid Felpeto	6
Turquía, un punto de inflexión	Carme Rodríguez López / Redacción	8
Viñeta	Carlos Casal	10
De melenas e coletas	Juan Pablo Forti	11
Horarios de transporte metropolitano	Verdegaia	12
O patrimonio na rotonda e os inútiles no poder (1ª parte)	Uxío Reinoso Maset	14
Huda Sha'arawi	Ilustrísima's	15
Portada	Redacción	
Almanaque	Rat Monstreux	
Almanaque	Rat Monstreux	

0.50€

n.º 22

Locais de distribución:

Xaneiro-2015

Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo),
Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo),
Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café
Uf (Vigo), Cova dos ratos (Vigo),
CS Bou Eva (Vigo) Tetería
Rosalinda (Vigo), Bar
Princesa (Vigo), Taberna
do Jefe (Cangas), Taberna
O rincón (Cangas), La
bolera (Moaña), Rañolas
Café (Condómar), O Cafeciño
(Ramallosa) Casa Colorida (Nigrán),
CS Fuscalho (A Guarda), Detrás do
Marco (Vigo), Edra (Vigo), Galería
Jazz (Vigo), Café Bar A Pola (Vigo),
Cantina Candela (Vigo), Quinta da
Garmaña (Vigo), La casa de arriba
(Vigo)

COLABORA

CONNOSCO!

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
192 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase
baixo unha Licencia Creative
Commons Atribución-NoComercial-
CompartirIgual 3.0 Unported.

RECÍCLAME!

EDITORIAL

Na nosa cidade, "xentrificación" é, ao tempo, un termo case descoñecido e un proceso que arraiga firmemente no disputado chan vigués. Coma se di no campo do dereito, as leis sempre van despois dos feitos, polo que certamente, tal disonancia na velocidade de asentamento entre a verba e a realidade non nos debe estrañar. E logo, **quen iría a pensar que palabras de significado positivo como "dinamización" "rehabilitación" ou mesmo "restruturación" e "humanización" non fan senón maquillar, nun último alarde de dominio do eufemismo, unha estratexia política e económica tan conservadora e inhumana?**

Semellante acollida acrítica non debería nin por moito estrañarnos pois os diarios de información local, especialmente o Faro de Vigo e La Voz de Galicia, bastante teñen con dar conta dos sucesos seguindo o primeiro unha óptica en prol do Concello, e a contraria o segundo; e, cousa lóxica, así non hai forma de entender quen resultan ser as persoas perdedoras do litixio.

Se de ética xornalística souberan algo máis có nome, denunciaría a situación de desaloxo e desamparo dun bo número de persoas pertencentes á minoría excluída, denunciarían, verbigracia, o peche do local de Sereos e a abusiva (outro caso parello está a suceder nos nosos días,

coa monstruosidade do Barco-rotonda de Coia) dotación de 350.000 euros para "mellorar", ou as redadas anti-venta ambulante que o noso corpo policial tan afeito está a facer nestes días. Todo isto, que por lóxica manipulativa soe estar silenciado ou pasado a segunda ou terceira plana, son reflexos superficiais dun proceso moito máis fondo.

Necesítase unha política local baseada na conservación da identidade, da pluralidade dos espazos e na redistribución da riqueza. Caer no contrario, na elitización de espazos ou na substitución dunha identidade tradicional por unha identidade neutra baseada nunha idea de consumo, implica a exclusión social de parte da poboación e a apropiación do espazo público por parte das persoas con poder adquisitivo. Estanse a confundir dereitos e poder adquisitivo, asociándose o acceso aos espazos públicos coa capacidade económica de cadaquén. E isto, co paso do tempo só contribúe a unha maior fractura social.

DEMOCRACIA FRONTE "OS MERCADOS"
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

QUE É A XENTRIFICACIÓN?

Redacción.

Xentrificación é o nome que se lle dá aos procesos de transformación urbana polos que determinadas zonas estratéxicas dunha cidade aumentan artificialmente o seu valor, provocando o desprazamento da poboación economicamente vulnerable. Para este grupo a vivenda deixa de ser accesible na área revalorizada, sendo progresivamente empurrados cara á bisbarra ou zonas deprimidas. A "urbanalización" que lle segue, orientada ao consumo de espazos "desconflitivizados", provoca a estandarización da paisaxe, a perda da identidade espacial, da memoria barrial, así coma a rachadura do tecido social.

"A xentrificación é a transformación artificial dun espazo urbano co obxecto de desprazar a poboación orixinaria e atraer a unha máis rica economicamente"

COMO SE ORIXINA?

O proceso de xentrificación provócase a través dunha serie de 'pasos' que seguen un esquema continuo:

1º) Desatención dunha zona concreta. A eliminación (parcial ou total) dos servizos públicos, así como a eliminación de inversión pública por parte da administración, fai que o emprazamento vaia converténdose progresivamente nun espazo onde habitan persoas cun baixo poder adquisitivo.

2º) Asociación da zona como un espazo "marcado". Asíase a zona, no imaxinario colectivo, a un espazo de pobreza, violencia e marxinalidade.

3º) Devaluación do prezo da zona. Coa

imaxe negativa da zona, as persoas que poden abandonala e os prezos van caendo pouco a pouco.

4º) Especulación na zona. Eses prezos tan baixos atraen a grandes inversores e a administración pública (que tamén se pode incorporar como "mercadora") xera marcos que facilitan isto aínda máis (plans especiais, axudas públicas, ...).

5º) Presentación da "única" solución. En xeral só se presentan os procesos de xentrificación como Plans "salvadores" da situación da zona. Ponse o acento na grande inversión, nos postos de traballo que se van xerar, na recuperación da zona, ... A zona empeza a chamar a atención de novo.

6º) Encarecemento progresivo da zona. Progresivamente aumenta o custo da



David Madden

"O contrario da xentrificación non é decadencia urbana; senón a democratización do espazo urbano."

Foto: Darwin Bell

vida (novos negocios e servizos, maior valor do solo,...) ao tempo que cada vez se vai instalando quen pode facer fronte a ese estilo de vida.

7º) Expulsión da poboación orixinaria. O aumento do custo da vida, provoca que as persoas de baixos recursos deban deixar o seu lugar de residencia a través dun acordo coa administración ou da forza.

8º) Despersonalización e comercialización da zona. O espazo ponse de moda e pérdese a identidade do lugar. Desaparecen as dinámicas e espazos de sempre. Xérase unha nova identidade “neutra” baseada no turismo, a vivenda e o comercio.



Foto: Bringo

CALES SON OS PROBLEMAS DERIVADOS DA XENTRIFICACIÓN?

Axentificaciónasóciase fundamentalmente a un máis que probable interese das clases medias por vivir nos centros da cidade. O factor de atracción pode ser a arela de viviren preto dos seus postos de traballo, ocupar un espazo “de moda” e “actual” onde poidan ter un estilo de vida urbanita e tomar unha posición segura no mercado do solo.

A xentificación soe implicar:

- Elitización dos espazos.

- Perda de identidade.

- Perda do Patrimonio (material e inmaterial).

- Comprensión do espazo xentificado como un produto de consumo.

- Perversión da idea de convivencia (eliminar a “quen sobra”).

“A xentificación e un conxunto de procesos que conlevan unha cidade con espazos segregados por clases sociais”

XENTRIFICACIÓN E CLASE SOCIAL

A vivenda e o barrio xogan un papel fundamental na constitución da clase social, realidade amplamente estudada pola ecoloxía social. As cidades son un produto histórico da organización social, onde as clases sociais e os actores históricos determinan a morfoloxía urbana. A xentificación, é un fenómeno que implica necesariamente o concepto de clase social. Trátase dun conflito no plano do urbanismo e da ocupación do espazo público dunha clase fronte a outra e implica directamente a existencia dunha segregación en función dos grupos sociais dentro da cidade. Ao tempo supón unha agresión contra as clases menos favorecidas, por parte dos máis enriquecidos.

E TI QUE PODES FACER?

Infórmate e informa á xente do teu redor sobre os procesos que se están a vivir na túa contorna (como pode ser o caso do Barrio do Cura en Vigo). Participa en mobilizacións e iniciativas que protexan os espazos e as persoas que neles habitan. Colabora con colectivos que denuncien e se enfronten aos procesos xentificación. Actíivate e defende os espazos, o patrimonio e, sobre todo, as persoas que se vexan afectadas por estes procesos.

XENTRIFICACIÓN

Guillermo Cid Felpeto

Abrir de ollos
e de novo...

esa fotografía en mutación constante
ese organismo de materiais infindos
con veas e arterias propias
onde se mesturan
sentires
de latexos arritmicamente acompañados entre si
e historias
de vivencias anonimamente persoais como a túa.

Cada raiola e cada pinga
escriben conxuntamente
a crónica eterna
sobre as costas dese mar de pedra
que se transforma
entre milleiros de pegadas, bicos, sons e verbas
nunha identidade colectiva única
que agarima e conversa
cun medio xa existente antes dela.

E ao tempo...
érgueste diariamente
cun sentir que abana
entre a dor, a carraxe e a pena



Unha sombra que medra
en cada recuncho do teu ser
 enzoufando o teu vivir
 con todas as futuras situacións posibles
 cheas de inxente baleiro

Rúas e barrios
 de insoportable neutralidade vindeira

Espazos urbanos
 anunciados polos vítores sistémicos
 que anuncian un tempo inerte e baleiro
 tras dun crepúsculo especuladoramente cobizoso
 de sorriso entre as sombras

E chega o tsunami que irriga o lugar
 con maletas e mochilas
 emigrantemente humildes
 con camións e baúis
 colonizadoramente desbordantes.

E mentres...
 Ti
 reflexionas que
 desta volta
 ERGUERTE
 é ficar onde estás sen moverte!



Os medeiros polo casco vello

Foto: Galiza Contrainfo

TURQUÍA, UN PUNTO DE INFLEXIÓN

Carmen Rodríguez López / Redacción *

O viaxeiro que visitara recentemente Estambul atoparíase cunha cidade en profunda transformación, cúa silueta está sendo modificada a un ritmo vertixinoso por xigantescos proxectos de construción, que fixeron proliferar imponentes edificios intelixentes e enormes centros comerciais de luxo.

Se ben a cidade precisaba de reformas arquitectónicas, sobre todo de cara a protexer os edificios en peor estado fronte á ameaza dun posible terremoto, os cambios están promovendo un fenómeno de xentrificación, é dicir, amplios sectores do centro están experimentando unha drástica remodelación para ser posteriormente ocupados por clases de maior poder adquisitivo, expulsando, a súa vez, ás clases máis desfavorecidas á periferia.

La batalla de Taksim destes días (maio-xuño de 2013) líbrase no económico e no político. Non en van, Taksim, centro neuráxico do lado europeo, é un lugar de alto contido simbólico, tanto popular

como político, que acolle o Monumento á República e ten un especial significado para a loita obrera, especialmente dende que en 1977 morreron máis de trinta persoas na manifestación do 1 de maio.

A praza conéctase coa peatonal rúa Istiklal atravesada polo seu icónico tranvía, que nos fins de semana nutrese de mareas de xente de todas as partes da cidade e de diferentes países do mundo. Taksim e Istiklal atraen tanto á convocatoria de manifestacións políticas, como as celebracións máis populares.

"As reformas da Praza Taksim prevista antes das protestas favorecerían a construción doutro centro comercial que excluía ás clases populares e achegabase máis ao turismo de luxo provinte dos países do Golfo"

As reformas urbanísticas que están afectando os edificios de Istiklal e sobre todo, á praza, supoñen unha alteración radical dunha paisaxe cargada de simbolismo para as "estambuliotas". A proposta de remodelación prevista antes das protestas favorecería a construción doutro centro comercial que excluía, de novo, ás clases populares e achegábase máis ao turismo de luxo provinte dos países do Golfo.

Xunto a isto, no proxecto encontrábase a construción dunha mesquita, o que se ten considerado por moitas como un símbolo de revancha fronte ao férreo laicismo do legado kemalista. O proxecto urbanístico, en calquera caso, promovía tanto a despolitización da praza como a perda do contido popular que sempre tivo. Todo isto reflexo dun tipo específico



Foto: Eser Karadag



Foto: Eser Karadag

de modelo económico.

No político, o AKP presentouse a si mesmo como un partido democrata-conservador ao comezo da súa primeira lexislatura en 2002 e desde entón converteuse no partido predominante do sistema de partidos turco, moi alonxado dos seus rivais, o que lle conferiu tres maiorías absolutas consecutivas no Parlamento.

O ton conciliador da primeira lexislatura foi deixando lugar a un discurso menos incluínte a partir da segunda. Se ben foi un partido capaz de mostrar un gran impulso reformista e de abrir negociacións coa UE, favorecendo un clima de cambio e apertura política, nos últimos anos, tanto por razóns internas como externas (aquí habería que mencionar a posición negativa de países membros da UE á candidatura turca) o discurso e a estratexia víronse alterados, e proba da erosión do proceso de democratización é a cada vez peor

posición que ocupa Turquía nos ranking internacionais de liberdade de expresión.

As limitacións ás que se viron sometida a oposición ao goberno á hora de expresar o seu descontento, así como a aprobación de lexislación, como a referida á limitación no consumo de alcol, causaron unha enorme inquietude en importantes sectores da poboación turca. Tralas protestas, o propio presidente turco Abdüllah Gül declaraba que a mensaxe fora escoitada, que a democracia non só pasaba polas urnas, e que un país en democracia debía permitir que diferentes estilos de vida tiveran cabida.

Pola súa parte, o primeiro ministro Tayyip Erdogan viu a súa imaxe seriamente danada pola brutal contención das protestas tanto no interior como no exterior. Este será sen dúbida un punto de inflexión no que o Goberno turco poderá optar por unha maior represión de maneira formal ou informal ou ben por mostrarse sensible ás demandas dos grupos que non se senten representados polo seu partido.

"O presidente turco Abdüllah Gül declarou que a mensaxe fora escoitada, que a democracia non só pasaba polas urnas; debía permitir diferentes estilos de vida"

* Tradución e resumo da redacción d'A Boia do artigo co mesmo título; de La Marea, 5 de xuño de 2013.

<http://www.lamarea.com/2013/06/05/turquia-un-punto-de-inflexion/>

**si, fillo, si ...
son todos iguais
prometeron facernos costas abaixo**



**e mira isto
fixeron outras tantas costas arriba**



Carlos Casas



xaneiro

			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

DE MELERAS E COLETAS

Juan Pablo Forti

Seica houbo un melenudo que desafiou ao Imperio e aos falsos. A súa verba conciliadora prendeu coma lume nas xentes daqueles tempos convulsos. A represión brutal non poido con este movemento que falaba de paz, e Roma non tivo máis remedio que convertirse. Pouco despois, a capital de occidente “deixou a política” definitivamente, para ocuparse nos asuntos da fe, na lexitimación do poder real e na concesión de pasaportes ao ceo.

O imperio que durou mil anos, deixou unha Europa roma: Ducias de linguas e culturas desapareceron para sempre. Do xigantismo imperial pasouse a un feudalismo incrustado nunha relixión allea ao pobo, altamente organizada. Nos mil anos seguintes, no nome de Deus perpetráronse as maiores barbaridades, mentres os pequenos feudos confluían constituíndo os estados europeos modernos, a cuxa sombra medraron os bancos, regados coa prata e o ouro de América. Xa no século XX, apoiado nas tecnoloxías do discurso, o pensamento único ocupou o espazo que deixaba a unha fé cada vez máis desacreditada.

***“Hoxe en día o discurso é negocio
Da manipulación da opinión e a
negación de evidencias resulta un
discurso imposible de crer para a
maioría”***

Hoxe o discurso é negocio. Tanta avidez por manipular a opinión e negar evidencias, resulta nun discurso imposible de crer para a maioría. Ábrese máis se cabe o campo ao librepensamento, á racionalidade colectiva, á acción en prol do ben común. É máis que necesario: os donos do mundo instrumentalizan aos gobernos e

aos medios de comunicación, mentres perdemos os dereitos conquistados sobre millóns de mortes innecesarias.



Foto: Felixbernet

No estado español, rico en dirixentes expertos en ocultar, desgovernar e roubar, aparece un rapsoda con coleta desafiándoo todo. Moita xente sorri ante a posibilidade de xogarlla aos falsos, que pola súa banda están a incorporar algúns dos os seus argumentos. Máis pouco valen os discursos no mercado internacional, rexido por outros valores: Grao, Petróleo, Minerais, Man de obra Barata, Capacidade Tecnolóxica, etc... Dos que este país é consumidor neto.

O discurso evoluciona: Ten un longo camiño ata chegar ás bases, ser significativo e operativo na tarefa de asegurar a supervivencia da “macrotribu” na economía globalizada, e de repartir humildemente os esforzos e o pan entre os seus membros.

MORARIOS DE TRANSPORTE METROPOLITANO

Verdegaia

O acordo baleiro de contidos co que finalizou a 20ª conferencia da ONU sobre a Mudanza climática celebrado en Lima é máis un reflexo da desidia coa que os gobernantes encaran este grave problema, ao mesmo tempo que demostran ser incapaces de apostar firmemente polas enerxías renovábeis.

Esa desidia tamén se manifesta nas administracións máis próximas, a lentitude na implantación do transporte metropolitano na área de Vigo é un claro exemplo de como en moitas ocasións as administracións públicas antepoñen intereses partidarios ao interese xeral.

Dentro da sempiterna batalla entre o Concello de Vigo e a Xunta, ambos rexeitan aumentar os fondos que achegan para a implantación do transporte metropolitano. Actitude inxustificable cando o valor en discordia é irrisorio se comparado con as subvencións que o concello de Vigo destina a compañías aéreas ou as subvencións que a Xunta destina ás concesionarias de autoestradas, ambas orientadas a promover o uso de vehículos altamente contaminantes.

En Verdegaia consideramos que a promoción do transporte colectivo é unha peza fundamental para diminuír o consumo dos combustíbeis fósiles, polo que queremos achegar o noso gran de area mediante un proxecto que até agora ningunha administración se preocupou en elaborar.

“Xa podes atopar resumida nun so sitio (verdegaia.org) toda a información sobre os diferentes transportes (bus, barco e tren) que comunican Vigo coas comarcas veciñas”

Dende hoxe pódese atopar resumida nun so sitio (verdegaia.org) toda a información sobre os diferentes medios de transporte (bus, barco e tren) que comunican Vigo coas comarcas veciñas (Morrazo, Pontevedra, Louriña, Condado, Baixo Miño e Val Miñor). Permite a consulta dos horarios de saída e chegada, dos horarios de pasaxe polas principais paradas e obter información sobre as diversas posibilidades de intermodalidade, é dicir, de combinación de diferentes medios de transporte.

Deste modo tentamos solucionar o baleiro informativo que existe ao redor do transporte interurbano na cidade de Vigo. A maioría da poboación descoñece que entre Vigo e O Porriño hai 62 conexións diarias ou que entre Vigo e Pontevedra hai 59. O problema está no caos que se foi producindo ao longo dos anos en que se lle permitiu a cada concesionaria adaptar as frecuencias a medida do seu propio interese. Así chegamos a unha situación na que ao cidadán non se lle presenta unha opción de transporte colectivo clara e ordenada senón unha serie de servizos desconexos, caros e lentos.



Transmítese polo tanto unha imaxe de descoordinación e inseguridade que leva a unha realidade incómoda: a meirande parte dos pasaxeiros dos transportes colectivos utilízaos por non dispoñer de coche ou moto. Tal como reflicte unha enquisa realizada por Vitrasa en 2011, na que preguntados polo motivo que os levaba a utilizar o bus, o 70% dos usuarios do servizo contestou que se debía a que non tiñan coche.

"Instamos ao Concello de Vigo e a Xunta a que implanten a coordinación entre todos os medios de transporte"

É por iso que instamos ao concello de Vigo e á Xunta para que a implantación do transporte metropolitano non se limite á creación do billete único (imprescindible para permitir transbordos), e que estableza unha coordinación entre todos os medios de transporte de modo a que estean adaptados ás necesidades reais das persoas.

Aproveitamos para recordar as principais eivas que calquera usuario de barco, bus ou tren detecta na área de Vigo:

- Unha estación de buses que non ofrece

asento nas plataformas levando a que os pasaxeiros se teñan que sentar no chan ou nas escaleiras, que presenta equipamentos avariados e non dispón de paneis informativos en condicións.

- Unha estación marítima que utiliza como punto de embarque un peirao afastado da estación marítima e da parada de bus urbano, obrigando os pasaxeiros a percorrer unha distancia innecesaria e incómoda á intemperie.
- Descoordinación horaria dos buses urbanos cos medios de transporte interurbano, obrigando os pasaxeiros a prolongados períodos de espera para poder combinalos
- Desinterese de todas as administracións pola creación dun servizo de tren de proximidade simplemente aproveitando a infraestrutura da "Y invertida" Vigo-Pontevedra-Tui con centro en Redondela.
- Debate anacrónico sobre se a futura estación de Urzáiz debe acoller unha terminal de buses. É fundamental garantir unha estación intermodal e dende a cal exista un servizo de lanzadeiras de bus urbano aos principais puntos de afluencia da cidade así como á estación marítima.



"Ponteslava"

Foto: Rat Monstreux

O PATRIMONIO NA ROTONDA, E OS IRÚTILES NO PODER (1ª PARTE)

Uxío Reinoso Maset

A actual polémica coa imposición do histórico arrastreiro "Bernardo Alfageme" nunha rotonda de Coia, demostra unha vez máis a pobre comprensión que hai do Noso Patrimonio na nosa propia cidade.

O "ancestral xeito vigués" (extendido dun xeito ou outro por case todos os niveis da sociedade) de maltratar o legado natural e material das xeracións pasadas débese en gran medida as propias institucións e cargos públicos. O buzaco preboste de Abel Caballero é o brazo executor dunha mentalidade elitista que apenas comprende o noso patrimonio como unha colección de obxectos de anticuario: cousas bonitas si; que o mesmo (ou non) vale a pena conservar, pero únicamente como caras e inertes pezas de museo (de "mirar en non tocar") que hai que conter en furnas (ou rotondas). Cousas da ignorancia, ou quizais máis ben, haxa un interese premeditado de manter as relacións de poder (social, político e cultural) xa establecidas.



Señoras norueguesas de excursión e comendo unha especie de cocido a bordo do Southern Actor (anteriormente IBSA I, baleeiro da Massó). Restaurado e mantido utilmente polo Museo da Balea de Sandefjord (42.000 hab.)

Xa falei¹ da necesidade de cambiar o noso paradigma: é preciso deixar de velo legado material do pasado como algo puramente académico e museístico, ("Patrimonio Histórico-Cultural"), e comezar a falar de útiles e infraestructuras do "Patrimonio Social", polo cal certos exemplares aínda **"útiles, que actualmente (están) sen uso ... apodrecendo nas mans dos capitalistas e do Reino de España"** sexan conservados, socializados, reutilizados e transmitidos polo pobo.

"Vostede que preferiría, pagar 1 euro por ver un barco nunha rotonda, ou 1,42 euros por telo navegando, por exemplo para levala de excursión a Cíes?"

No vindeiro número trataremos dalgúns deses exemplares de patrimonio vigués. Non falaremos máis do devandito barco². So unha pequena reflexión:

- fálase de que colocar o barco na rotonda custaría 300.000 euros³
- estimouse que restauralo para matelo navegando custaría uns 426.000 euros⁴
- Dado que en Vigo somos unhas 300.000 persoas, vostede que preferiría?
- pagar 1 EURO por VER un BARCO dentro dunha ROTONDA
- pagar 1,42 EUROS por TER un BARCO histórico NAVEGANDO (que poidera levalo a vostede de excursión a Cíes).

1 "Patrimonio Social e Cultura Libre", A Boia nº 17, setembro 2014.

2 "O arrastreiro Bernardo Alfageme: para que investimos ..." A Boia nº 5, agosto 2013

3 J. Pastoriza "El Bernardo Alfageme fondeará en Coia". Faro de Vigo, 6-10-2013.

4 J Mosquera "El bernardo Alfageme a flote". Faro de Vigo, 29 -9-2009

HUDA SHA'ARAWI

Ilustrisima's

Huda aproveitou os seus estudos para ensinar a outras mulleres o que era a vida máis aló dun harem.



08 y movilizó

tas a
ón: Ca
ero la sa
plares ya i
lmente acal


o es que el lib
a Juan Carlos I. A
blema es precisa
lo Oficial -el corta
los los asuntos polé
y que el libro entero
e demostrar, a parti
enores, que el jefe
vo toda su vida
ona.

Ce:
dad Solá
ADN", asegu
Bueno, "si hasta tengo un pr
Cosas así hay muchas, al
a la madre de Solá la operaron ar
del Rey] y logró su objetivo, p
a Secretaría de la
reda [entonces je
ta iba firmada por
dad en la intervenció
aban que iban a proc
a misiva aceptaba
que le comunicaba
cal le contestó por ca
aceleraran el trámite
una carta a la

del 20
Como Franco no se fue a Dallas a mu
Juan Carlos se fue a Dallas a mu
Si

sus ojos gran
su nariz rot
teligencia
so, su car
pada pu
destaca
encu
do
ha
de

dicho muchas cosas durante todo este
bla de ellas -admito Bueno-. Hemos
aceptadas pero que provocan y se ha
tuciones que sabemos que no van a ser
atención sobre nuestro caso, son pe-
cemos en cierto modo para llamar la
tual rey, Felipe VI. "Estas cosas las ha-
don [...], abuelo del ac-
de M... del cadáver de
de M... de también pi-
cia Prov
a el caso
ni por el car... de circunsta
de la demanda [tram... el lunes 23 de
te la demanda] y una ampliación de la
[por no haber sido admitida a trámi-
tre manos es un recurso de apelación
da. Así que ahora lo que tenemos en-
der por porque se considera cosa juzga-
nda de paternidad, no se puede re-
causa petendi, en este caso la de-
nda", explica



...real a
...re adopta
... Fernando Almansa -
hoy, consejero de Telefónica-, sino
que como explicó Ernesto Ekaizer
en *Vendetta* (Plaza & Janés, 1996) la
intervención de Banesto hizo aflor
rar una cuenta del Rey en el banco
con un descubierto de 150 millones
de pesetas y otra con aportaciones
para la ampliación de capital del banco.
Y de la evaporación del dinero de
los kuwaitíes de KIO que manejaba
en España Javier de la Rosa, el pro-
pio Prado reconoció haber recibido
100 millones.

El cortafuegos para evitar cha-

puede tener lógica, al menos des-
de la política comparada-, sino tam-
bien a las civiles, como la demanda
de paternidad presentada Albert So-
lá (ver página siguiente).

En *El Mundo*, el problema era el
de siempre: un director incontrola-
ble. Pedro J. Ramírez buscó la com-
plicidad con la Zarzuela en su pulso
con Mariano Rajoy con inverosími-
les o...

El problema
'Chiquitín'
le llamaba
quería dejar
que todo lo ha
por la Corona

...inc...
cárcel...
el Rey extreme...
exigiendo ejemplar...
No resulta familiar...
Una lealtad real fue el título...
...que podría interesar a...